

## USO DE MÁSCARA NO EXTERIOR

O 9 de febreiro de 2022 o Ministerio de Sanidade publicou o seguinte documento:

Aplicación da lexislación sobre a obligatoriedade do uso da máscara en centros educativos (Real Decreto 115/2022, do 8 de febreiro, polo que se modifica a obligatoriedade do uso de máscaras durante a situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19)

A modo de **resumo**, este documento establece que:

1. *O uso de máscara en interiores continúa a ser obligatorio para todas as persoas maiores de 6 anos (e recomendable para maiores de 3 anos) salvo aquelas casuísticas previstas na normativa.*
2. *O uso de máscaras en espazos ao aire libre será obligatorio naqueles casos específicos nos que se organicen eventos multitudinarios nos que os asistentes estean de pé, ou se están sentados e non se poda manter unha distancia de seguridade de cando menos 1,5 metros entre persoas.*

Puntualiza o documento que, tendo en conta a definición da OMS de evento multitudinario e dadas as medidas actuais de limitacións en centros educativos, así como a interpretación da norma respecto a eventos multitudinarios, considérase que a interacción nos centros educativos na actividade educativa ordinaria ao aire libre non se corresponde con eventos multitudinarios.

3. *Respecto da limitación de contactos, lémbrese que deberán evitarse de maneira xeral aquellas actividades no centro educativo que supoñan a mestura de alumnado de diferentes grupos de convivencia ou clases; mantendo a distancia interpersonal a excepción das persoas que forman parte dun mesmo grupo de convivencia estable.*

No caso do noso centro, no recreo mantense a separación entre clases. Polo tanto, **cando o recreo sexa ao aire libre o uso da máscara non será obligatorio.**

Segundo as indicacións do Subcomité Clínico da Consellería de Sanidade, **nas entradas e saídas do centro recoméndase o uso de máscara** xa que é un momento no que poden ter lugar aglomeracións e mestura puntual de alumnado de diferentes clases.